



Estudo sobre masas mixtas e proposta de modelos para Galiza


Autor: Andrés Torres Carro

Tutor: Juan Picos Martín

CURSO 2019/2020

RESUMO: O obxectivo deste TFG é o de realizar unha recopilación bibliográfica sobre as masas mixtas co fin de poder entender millor este tipo de bosques, as distintas formas de manexo dos mesmos, os beneficios que nos reportan e a proposta de varios modelos que poidan ser aplicados en Galicia.

As masas mixtas proporcionan unha alternativa ós modelos tradicionais de plantacións monoespecíficas combinando a produción de madeira cun maior número de servizos ecosistémicos. Así mesmo, no contexto actual de cambio climático, estas masas ofrecen unha maior resiliencia fronte ós futuros cambios no clima. A biodiversidade que albergan é probadamente maior ca nas plantacións de monocultivos. Tamén presentan certas vantaxes nos aspectos económicos.



Propoñemos para a súa aplicación a Galiza 3 modelos de masas mixtas con diferentes obxectivos principais: o M1 que é unha mistura de castiñeiro e *Pseudotsuga menziesii* para a produción de madeira, o M2 aposta por produtos non madeirables como son a resina e as castañas, e por último o M3 ten un obxectivo protector.

